

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 30 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa, para os anos 2017-2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

BDNS (Identif.): 342108.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

a) As entidades locais de Galicia e entidades delas dependentes.

b) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dela dependentes.

c) Empresas legalmente constituídas.

Poderá existir unha diferenciación entre o titular da instalación solicitada e a titularidade dos centros consumidores de enerxía. Nestes casos, se o solicitante forma parte do sector público, deberá xustificarse o desenvolvemento do proxecto con convenios ou acordos asinados cos titulares dos centros consumidores de enerxía que acaden o 50 % do consumo enerxético previsto na súa solicitude. Por outra banda, o solicitante tamén poderá ser unha empresa de servizos enerxéticos que subministre enerxía térmica a distintos consumidores (sector público, empresas, residencial, entidades sen ánimo de lucro...).

Segundo. *Obxecto*

O obxecto destas bases é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións de equipamentos



térmicos que utilicen biomasa como combustible cun esquema de funcionamento baseado nunha xeración térmica centralizada e unha distribución desta enerxía aos puntos de consumo mediante redes.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Resolución do 30 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa, para os anos 2017-2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Cuarto. *Contía*

1. A contía global da convocatoria ascende a 4.500.000,00 euros. O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do programa Galicia 2014-2020 Feder nun 80 % e financiamento privado nun 20 %.

Beneficiarios	Aplicación orzamentaria	Orzamento		
		Anualidade 2017	Anualidade 2018	Total
Administración pública autonómica	09.A2.733A.714.2	1.333.173,89	165.310,31	1.498.484,20
Administración pública local	09.A2.733A.760.5	897.912,81	111.338,99	1.009.251,80
Empresas	09.A2.733A.770.5	1.772.480,72	219.783,28	1.992.264,00
Total		4.003.567,42	496.432,58	4.500.000,00

2. A contía da subvención será dun 80 % do custo elixible no caso de que os beneficiarios sexan:

- a) Entidades locais.
- b) Sector público autonómico.

A contía da subvención será dun 50 % do custo elixible no caso de que os beneficiarios sexan empresas e as súas agrupacións e asociacións. No caso de pequenas empresas, a axuda incrementarase en 20 puntos porcentuais, e no caso de medianas empresas, en 10 puntos porcentuais.

3. A contía máxima da axuda por proxecto ou por solicitante será de 1.000.000 de €.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o seguinte a aquel en que se publiquen as bases no DOG.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Xunto coa solicitude presentaranse, anexadas, copias dixitalizadas da documentación complementaria.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

